REUNIÓN DA COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

Día: 21.06.2019 Hora: 10:30

PARLAMENTO DE GALICIA

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 21 de xuño de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto único.- Preguntas

1.1 45458 (10/POC-007268)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, os aspectos que modificaría para mellorar a súa eficacia e a necesidade de superar o marco competencial de Galicia para avanzar na igualdade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 430, do 13.02.2019

1.2 47702 (10/POC-007569)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación cos resultados obtidos por Galicia nas diferentes variables identificadas para a elaboración do "Mapa do talento en España 2019"," así como a súa posible relación coas políticas económicas implementadas polo Goberno galego
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 446, do 21.03.2019

1.3 48241 (10/POC-007667)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis
Sobre os efectos que están a ter os recortes nas políticas de I+D+i na xestión e promoción do talento, a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento dos obxectivos na materia reflectidos no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, así como os cambios que vai introducir na estratexia de innovación de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019

1.4 48255 (10/POC-007670)
Grupo Parlamentario de En Marea
Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia
Sobre as razóns dos resultados da implantación da tarifa plana de autónomos en Galicia, así como das políticas desenvolvidas co obxectivo de mellorar as súas condicións económicas

PARLAMENTO DE GALICIA

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019

1.5 48509 (10/POC-007703)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre os datos referidos ás modificacións levadas a cabo nos créditos orzamentarios inicialmente destinados ás corporacións locais de Galicia para o ano 2018 e a valoración do Goberno galego ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 458, do 09.04.2019

1.6 49337 (10/POC-007806)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e 5 máis
Sobre as políticas que vai desenvolver o Goberno galego para evitar o impacto que está a ter na economía a desigual evolución da ocupación por sectores económicos e tramos de idade, así como a súa valoración sobre este feito
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 470, do 30.04.2019

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 18 de xuño de 2019

Abel Fermín Losada Álvarez

Presidente da Comisión

RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente

Abel Fermín Losada Álvarez	S

Vicepresidenta

Cristina Isabel Romero Fernández	P

Secretario

Gonzalo Trenor López	P

Vogais

José Manuel Lago Peñas	EM
María Guadalupe Murillo Solís	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG
Pedro Puy Fraga	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Julia Torregrosa Sañudo	EM
Sandra Vázquez Domínguez	P

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 21.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

Día: 21.06.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 45458(10/POC-007268)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto do cumprimento dos obxectivos da Lei 7/2004, galega para a igualdade de mulleres e homes, os aspectos que modificaría para mellorar a súa eficacia e a necesidade de superar o marco competencial de Galicia para avanzar na igualdade

Publicación da iniciativa, 430, 13.02.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:06:45
Nº Rexistro: 45458
Data envio: 05/02/2019 17:06:45.612

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Montserrat Prado Cores**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ao cumprimento e vixencia da lexislación en igualdade con especial atención ao aspecto económico.

Pasaron xa máis de quince anos da aprobación da *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* e da lei estatal *3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes*. Porén, a vixencia da situación de desigualdade permanece cuns índices intolerables, nomeadamente nos parámetros referidos ao ámbito económico. Este feito, debe obrigar a avaliarmos o cumprimento e eficacia deste marco e o impulso da Xunta de Galiza para desenvolvelo.

Entre outros aspectos, a *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* estabelece o principio de transversalidade para o desenvolvemento dos seus obxectivos. Desta forma, no punto 2 do seu artigo 6º estabelece "*O fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, trátese de suxeitos públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local, ou trátese de suxeitos privados, como os partidos políticos, os sindicatos de traballadores ou traballadoras, as asociacións de empresariado ou os colexios profesionais, e, especialmente, a colaboración fomentarase en relación coas asociacións e cos grupos de mulleres.*" Porén, a década de goberno Feijóo demostrou unha baixa capacidade de diálogo social, nomeadamente

CSV: REXISTRO-wrW8RF7Nh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:06:45
Nº Rexistro: 45458
Data envio: 05/02/2019 17:06:45.612

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cos colectivos sindicais, sociais e oposición. Así mesmo, o fracaso das políticas de igualdade demostran que o principio de transversalidade non ten sido posto en práctica de forma adecuada.

Así mesmo, o noso marco legal sinala como obxectivo "*A consecución da igualdade de oportunidades na política económica, laboral e social, buscando, en especial, a supresión das diferenzas salariais por razón de sexo e o fomento do emprego feminino por conta propia ou allea.*" que non ten sido acadado tal e como demostra, por exemplo, o avance da fenda salarial fóra da administración pública.

Tampouco "*A conciliación do emprego e da vida familiar das mulleres e dos homes e o fomento da individualización dos dereitos tendentes a esa conciliación*" ten sido un obxectivo acadado. É máis, a política de recortes en materia de servizos sociais aplicados durante a recesión económica ten lastrado os avances neste eido.

Así mesmo, desde Galiza a absorción por parte da administración estatal do groso das competencias en materia de economía, emprego e de xustiza limita a nosa capacidade de actuación e é unha mostra máis do lesivo que é para a clase traballadora galega a ausencia dun marco de relacións laborais propio así como a falta de vontade do goberno galego de espremer ou superar o noso marco competencial.

Pasados máis de quince anos da aprobación da *Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes* e da lei estatal *3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes* cómpre avaliar o cumprimento do marco e as súas necesidades de revisión, con especial atención ao aspecto económico.

Por todas estas razóns formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

CSV: REXISTRO-w1W8RF7Nh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:06:45
Nº Rexistro: 45458
Data envio: 05/02/2019 17:06:45.612

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera o goberno galego que ten cumprido os obxectivos que se marcaba a lei *7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes*?

Que aspectos modificaría desta lei para corrixir a súa falta de eficacia?

Que melloras trasladaría ao goberno central para as cuestións de competencia estatal? Porque medios o ten feito? Con que resultado?

É preciso superar o limitado marco competencial galego para avanzar en igualdade?

Considera a Xunta de Galiza que ten cumprido co principio de transversalidade? E co fomento da colaboración entre os diversos suxeitos implicados na igualdade de oportunidades, ben públicos de ámbito internacional, comunitario, estatal, autonómico, provincial ou local? De que forma? Con que mecanismos de seguimento?

Que valoración fai a Xunta de Galiza das políticas levadas a cabo no ámbito económico?

E no ámbito da igualdade laboral?

E no ámbito dos convenios colectivos?

E na esfera da inserción social das mulleres en situación de exclusión social?

E respecto das políticas de conciliación?

CSV: REXISTRO-w1W8RF7Nh-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:06:45
Nº Rexistro: 45458
Data envio: 05/02/2019 17:06:45.612

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como avalía o goberno galego o impacto dos recortes aplicados polos gobernos galego e central, especialmente na década de recesión?

Santiago de Compostela, 5 febreiro de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Luis Bará Torres

Montserrat Prado Cores

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 05/02/2019 16:57:42

María Montserrat Prado Cores na data 05/02/2019 16:57:47

Ana Pontón Mondelo na data 05/02/2019 16:57:49

Xose Luis Rivas Cruz na data 05/02/2019 16:57:51

CSV: REXISTRO-w1W8RF7Nh-6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/02/2019 17:06:45
Nº Rexistro: 45458
Data envio: 05/02/2019 17:06:45.612

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 05/02/2019 16:57:53

Xosé Luis Bará Torres na data 05/02/2019 16:57:55

CSV: REXISTRO-w1W8RF7Nh-6
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 21.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.2 47702(10/POC-007569)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación cos resultados obtidos por Galicia nas diferentes variables identificadas para a elaboración do "Mapa do talento en España 2019", así como a súa posible relación coas políticas económicas implementadas polo Goberno galego

Publicación da iniciativa, 446, 21.03.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47702
Data envio: 13/03/2019 14:01:40.683

GRUPO PARLAMENTAR en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.**

O Ivie (Instituto Valenciano de Investigaciones Económicas) e a Fundación COTEC para a innovación, veñen de publicar o denominado "Mapa del Talento en España 2019". O obxectivo de dito traballo é o de identificar o talento como factor clave no crecemento das diferentes economías.

O traballo elabora o que se denomina como "mapa do talento" de España, co obxectivo de identificar a atracción e retención de talento que se da en cada unha das Comunidades Autónomas. Para a elaboración de dito mapa identifícanse unha serie de variables que se agrupan en seis piares diferentes: *facilitar, atraer, crecer, reter, capacidades técnicas e coñecemento.*

Os resultados presentan importantes diferenzas entre as diferentes Comunidades Autónomas. Así a Comunidade de Madrid resulta ser a que ocupa o primeiro posto, cunha puntuación de 73, seguida de Navarra (59,1), Cataluña (57,7) e País Vasco (56.2). Estas Comunidades Autónomas serían as que se situarían por riba do conxunto de España, que acada unha puntuación de 48,6.

Pola contra Galicia sitúase cunha puntuación do 38,4, ocupando a sexta posición pola cola e situándose no nivel das rexións do sur de España. Madrid practicamente duplica a puntuación dada a Galicia.

Cando se analizan os diferentes piares para Galicia, destácase que ocupa a penúltima posición no piar de facilitar, isto traducirase en que o territorio galego

CSV: PIjM6X2J47
Verificador:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47702
Data envio: 13/03/2019 14:01:40.683

presenta case o peor entorno para o desenvolvemento empresarial, destacando especialmente a percepción da corrupción, o entorno do mercado, o regulatorio ou o do mercado de traballo. Soamente Canarias presentaría un peor entorno que o galego. No piar de coñecemento, Galicia tamén ocupa posición moi retrasadas destacando por exemplo que somos tamén a penúltima Comunidade Autónoma cunha menor puntuación na variable de "impacto do talento" e no piar de atración, Galicia ocuparía a penúltima praza na variable correspondente á variable de apertura exterior.

Estes resultados poñen de manifesto o constante fracaso das supostas políticas económicas. Ante estes resultados parecen ser un fracaso as políticas de I+D e as políticas de innovación, ou as diferentes leis promovidas para o desenvolvemento de actividade empresarial.

Ante o exposto anteriormente, o grupo parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1. Como valora a Xunta estes resultados?
2. Como poden ser relacionados estes resultados coas políticas económicas implementadas pola Xunta?
3. Cre a Xunta que as políticas que leva a cabo teñen o impacto agardado na economía galega?
4. Que cre a Xunta que está a fallar nas súas políticas para que Galicia ocupe unha posición tan retrasada en variables fundamentais para o crecemento económico?

CSV: PIM6X2J47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47702
Data envio: 13/03/2019 14:01:40.683

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

5. Cre a Xunta que ten que mudar a súa política económica?

Santiago de Compostela, 13 de marzo de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Lago Peñas na data 13/03/2019 13:57:18

Julia Torregrosa Sañudo na data 13/03/2019 13:57:37

CSV: PIM6X2J47
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 21.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.3 48241(10/POC-007667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e 3 máis

Sobre os efectos que están a ter os recortes nas políticas de I+D+i na xestión e promoción do talento, a opinión do Goberno galego referida ao cumprimento dos obxectivos na materia reflectidos no Plan estratéxico de Galicia 2015-2020, así como os cambios que vai introducir na estratexia de innovación de Galicia

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 12:09:54
Nº Rexistro: 48241
Data envio: 28/03/2019 12:09:54.356

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, José Manuel Pérez Seco, Abel Fermín Losada Álvarez e María Concepción Burgo López, deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

Lamentablemente, a política económica dos gobernos conservadores, tanto en Galicia como en España, desenvolveu un modelo económico, baseado na "devaluación salarial", é dicir, a baixada dos salarios dos traballadores, especialmente dos menos cualificados, como mecanismo para incrementar a competitividade da nosa economía.

Os Socialistas vimos denunciando esta estratexia, que é equivocada desde un punto de vista económico, e profundamente inxusta, desde un punto de vista ético e social. O resultado é por todos coñecido, unha sociedade máis dual, máis inxusta, cunha progresiva concentración da riqueza, con salarios baixos e precarios, e taxas de beneficio do capital cada vez máis altas.

Non existe ningunha discusión teórica sobre o feito de que o elemento central para facer as economías máis capaces de competir internacionalmente é a innovación. Os datos recentemente publicados polo INE sobre I+D+i correspondentes ao ano 2017 teñen mostrado claramente a opción de política económica tomada polos gobernos conservadores.

Recortes en I+D+i, ou o que é o mesmo, mirar cara ao sueste de Asia ou ao norte de África, no canto de mirar ao norte de Europa. O gasto en I+D+i no ano 2017 situouse en Galicia no 0,89 % do PIB.

Estes datos de I+D+i reflicten, unha vez máis, a estratexia industrial da Xunta de Feijóo, e poñen de novo encima da mesa que a axenda de industrialización do Goberno galego é mera propaganda, cando falamos dun sector estratéxico que perdeu máis de 20.000 postos de traballo desde o ano 2009.

Son datos que seguen a darnos a razón aos que cuestionamos a política industrial da Xunta, Galicia ten o 6 % da poboación de España e o 5 % do PIB, pero o gasto en innovación só supón o 3,6 % do total estatal.

O último informe da Fundación Cotec para a Innovación 2019, sobre o mapa de talento en España, sitúa Galicia á cola de España cun menor uso da innovación

CSV: Hs2UUAenv8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 12:09:54
Nº Rexistro: 48241
Data envio: 28/03/2019 12:09:54.356

polas empresas, así o I+D+i non se traduce en máis patentes, novos produtos ou exportacións de alto valor engadido.

Somos a segunda autonomía, só por detrás de Estremadura, cun menor impacto do I+D nas empresas, é dicir, a actividade investigadora e innovadora non termina de materializarse en novos produtos.

No seu informe, a Fundación Cotec recomenda que se favorezan políticas públicas dirixidas ao desenvolvemento de novas actividades emprendedoras. Outro sinal do fracaso das políticas de innovación é a escasa capacidade para atraer capital estranxeiro, sendo a terceira comunidade pola cola.

Estes datos confirman que a suposta Axenda Industrial da Xunta non é máis que a historia dun fracaso e a estratexia da internacionalización, sobre todo para atraer capital estranxeiro, unha campaña de publicidade e propaganda; xa que estas estratexias só son posibles en territorios que apostan dunha maneira clara pola innovación.

Recortes sistemáticos no sistema de ciencia, tecnoloxía e innovación que ten efectos moi negativos no ámbito industrial, de servizos e mesmo educativo. Unha menor competitividade do sistema económico, e tamén do sistema universitario; cunha incapacidade obxectiva para desenvolver proxectos de investigación e carreiras investigadoras solventes e sostidas no tempo.

Esta é a terceira lexislatura que non só está perdida para Galicia en termos de I+D+i, senón que estamos a vivir dúas lexislaturas de retroceso grave para a I+D+i da Comunidade Autónoma. De feito, a xestión do Goberno autonómico en I+D+i ten sido criticada pola comunidade científica, pola oposición no Parlamento de Galicia, e mesmo polo tecido produtivo industrial.

Por iso, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) É consciente a Xunta de Galicia que os recortes nas políticas de I+D+i teñen un efecto negativo na xestión e promoción do talento?

2ª) Considera a Xunta de Galicia que se están a cumprir os obxectivos en termos de investigación e innovación recollidos no Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020?

3ª) Ten previsto a Xunta de Galicia algún reforzo ou cambio na estratexia de innovación en Galicia que reforce a nosa posición como economía innovadora? De ser así, cales serían eses cambios?

CSV: H+2UUAenv8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 12:09:54
Nº Rexistro: 48241
Data envio: 28/03/2019 12:09:54.356

Pazo do Parlamento, 28 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 28/03/2019 12:07:35

Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/03/2019 12:07:43

Abel Fermín Losada Álvarez na data 28/03/2019 12:07:52

Maria de la Concepción Burgo López na data 28/03/2019 12:08:05

CSV: H-2JUJAenv8
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 21.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.4 48255(10/POC-007670)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Torregrosa Sañudo, Julia

Sobre as razóns dos resultados da implantación da tarifa plana de autónomos en Galicia, así como das políticas desenvolvidas co obxectivo de mellorar as súas condicións económicas

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 13:14:12
Nº Rexistro: 48255
Data envio: 28/03/2019 13:14:12.355

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

Á MESA DO PARLAMENTO

Manuel Lago Peñas e Julia Torregrosa Sañudo, deputado e deputada do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3.ª.**

A figura do autónomo resulta ser unha peza fundamental da economía e do mercado laboral tanto en España como en Galicia. Dende o ano 2013, en España déronse de alta no Réxime Especial de traballadores Autónomos 1,9 millóns de novos afiliados, dos cales, 83.600 corresponden a autónomos en Galicia, o que equivale ao 4,4% do total.

Sen embargo o fracaso das políticas desenvolvidas co obxectivo de mellorar as condicións económicas as cales teñen que facer fronte estes traballadores, resultan ser un fracaso. Concretamente, centrándonos na denominada tarifa plana de 50 euros, os resultados son moi negativos en Galicia; hai 4.800 autónomos menos dos que había no ano 2013. En dito ano, o territorio galego contaba con 214.446 traballadores por conta propia mentres que ao peche do mes de xaneiro do ano 2019, a cifra de afiliados acadaba os 209.607 afiliados.

Pero o feito mais destacable do fracaso de tales políticas é que na realidade soamente o 16 % dos autónomos que se beneficiaron da tarifa plana continúan dados de alta unha vez que rematan o período de cotización bonificada. Isto pon de manifesto o engano constante da Xunta cando trata de amosar o éxito do emprendemento en Galicia ou o éxito na recuperación no emprego.

Por outra banda, e segundo o indicado pola Unión de Profesionais e Traballadores Autónomos, a tarifa plana presenta unha gran inxustiza social xa

CSV: ASWPDWWz6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 13:14:12
Nº Rexistro: 48255
Data envio: 28/03/2019 13:14:12.355

GRUPO PARLAMENTAR en marea

que, independentemente do nivel de ingresos, a tarifa a pagar e a mesma para todos e todas, polo que se incorre nunha falta clara de incentivos e nun agravio comparativo.

Mais todo isto agrávase cando se pon de manifesto que o custo desta tarifa en Galicia acadou os 230 millóns.

Ante o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta as seguintes preguntas:

1.ª) Que explicación da a Xunta sobre o fracaso da tarifa plana de autónomos en Galicia?
2.ª) Como xustifica que o fracaso desta política teña un custo 230 millóns de euros?
3.ª) A que se debe, segundo a Xunta, o fracaso desta política?
4.ª) Por que non sobreviven en Galicia a maioría dos autónomos e autónomas?

Santiago de Compostela, 28 de marzo de 2019.

Asdo.: Manuel Lago Peñas

Julia Torregrosa Sañudo

Deputado e deputada do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

CSV: ASWPDWWz6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/03/2019 13:14:12
Nº Rexistro: 48255
Data envio: 28/03/2019 13:14:12.355

GRUPO PARLAMENTAR
en marea

José Manuel Lago Peñas na data 28/03/2019 13:11:04

Julia Torregrosa Sañudo na data 28/03/2019 13:11:13

CSV: ASWPDIWWz6
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 21.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.5 48509(10/POC-007703)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre os datos referidos ás modificacións levadas a cabo nos créditos orzamentarios inicialmente destinados ás corporacións locais de Galicia para o ano 2018 e a valoración do Goberno galego ao respecto

Publicación da iniciativa, 458, 09.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 12:28:30
Nº Rexistro: 48509
Data envio: 02/04/2019 12:28:30.021

grupo socialista Parlamento de Galicia | PSG PSOE

Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Abel Fermín Losada Álvarez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A política de transparencia da Xunta de Galicia continúa a presentar importantes lagoas. O último feito absolutamente negativo na nosa opinión é a publicación das Modificacións Orzamentarias autorizadas na reunión do Consello da Xunta do 27 de decembro de 2018.

No expediente de referencia: TR-23-030-18, autorízase unha transferencia de crédito por un importe de 116.388.712,71€ ao programa 621B "Imprevistos e funcións non clasificadas"; no expediente BC-00-013-18, autorízase unha baixa de crédito por un importe de 132.331.252,07 € e no expediente BC-00.00-010-18 autorízase unha baixa de crédito por un importe de 141.768.298,22 €, tramitándose transferencias dos remanentes non comprometidos de fondos propios para a aplicación orzamentaria 23.02.621B.520. A suma destas tres modificacións orzamentarias ascende a 390.488.263 €.

Só nestas transferencias de crédito danse de baixa unha contía importante de fondos orzamentados inicialmente con destino ás corporacións locais de máis de trece millóns de euros.

Por iso, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cal foi a contía total modificada dos créditos orzamentarios inicialmente destinados ás corporacións locais galegas no 2018?

2ª) Cal é o novo destino destas baixas de créditos orzamentarias que ían destinados inicialmente ás corporacións locais galegas?

3ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre estas modificacións orzamentarias?

Pazo do Parlamento, 1 de abril de 2019

Asinado dixitalmente por:

CSV: nVTRxrAYQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/04/2019 12:28:30
Nº Rexistro: 48509
Data envio: 02/04/2019 12:28:30.021

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 02/04/2019 12:25:59

Abel Fermín Losada Álvarez na data 02/04/2019 12:26:07

CSV: nVTRxtAYQ2
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

Reunión da Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos
Día: 21.06.2019 Hora: 10:30
Orde do día

1.6 49337(10/POC-007806)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 5 máis

Sobre as políticas que vai desenvolver o Goberno galego para evitar o impacto que está a ter na economía a desigual evolución da ocupación por sectores económicos e tramos de idade, así como a súa valoración sobre este feito

Publicación da iniciativa, 470, 30.04.2019

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 11:30:03
Nº Rexistro: 49337
Data envio: 23/04/2019 11:30:03.548

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, **Luis Bará Torres**, **Ana Pontón Mondelo**, **Xosé Luis Rivas Cruz**, **Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ao impacto na economía da desigual distribución da ocupación do mercado laboral galego e o fracaso das políticas de emprego, especialmente no ámbito xuvenil.

Con independencia do discurso conformista que abandeira o goberno galego, cada vez son máis preocupantes os datos respecto do mercado laboral galego e, particularmente, a participación das capas máis novas de idade.

En comparación co Estado español podemos observar como o mercado laboral galego ten unha menor taxa de ocupación nos grupos máis novos do punto de vista da idade. Desta forma, por exemplo no cuarto trimestre do 2018 a taxa de ocupación nas persoas menores de 19 anos era dun 0,3% do total de ocupados, fronte a un 0,7€ do total do estado. Se ben esta cuestión pode ter unha parte de lectura positiva se temos en conta que un volume importante desa franxa permanece no sistema educativo, o certo é que nestas idades en Galiza o 58,5% que querría traballar estaba en paro, segundo o portal de emprego da Xunta e iso devólvenos unha imaxe pouco satisfactoria.

Por outra banda, no grupo de 20 a 24 anos a taxa de ocupación galega estaba 1,2 puntos porcentuais por debaixo da taxa do estado (3,2% fronte a 4,4%) e a súa taxa

CSV: REXISTROm2Non7zyY9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 11:30:03
Nº Rexistro: 49337
Data envio: 23/04/2019 11:30:03.548

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de paro era dun 31,3%. Podemos observar algo similar entre os 25 e 34 anos (17,9% fronte a 19,5%).

Finalmente, podemos sinalar que é só a partires dos 35 anos cando se iguala a taxa e a partires dos 45 anos a taxa de ocupados galega e superior a estatal aínda que se aproximan co paso do tempo.

Froito das mudanzas que foron operando no sistema económico e laboral a partir da época de recesión e das políticas aplicadas desde o Estado e mais desde a Xunta de Galiza, o panorama deixa unha situación complicada. Conforme vai pasando o tempo a porcentaxe de ocupados novos fronte ao total descende e vai aumentando o peso no total dos ocupados e ocupadas de máis idade, ao que se suma a terciarización da economía e o aumento da temporalidade.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego non podemos máis que insistir na nosa preocupación relativa ao impacto na economía da desigual distribución da ocupación do mercado laboral galego e o fracaso das políticas de emprego, especialmente no ámbito xuvenil.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Como valora o goberno galego o impacto na economía da desigual evolución da ocupación por sectores económicos?

-Como valora o goberno galego o impacto na economía da desigual evolución da ocupación por tramos de idade?

CSV: REXISTROm2Non7zyY9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 11:30:03
Nº Rexistro: 49337
Data envio: 23/04/2019 11:30:03.548

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera esta situación sostíbel para a economía galega?

-Considera que isto amosa o fracaso dunha década de políticas de emprego erráticas e fracasadas? Considera que esta situación é derivada das reformas laborais de PP e PSOE e do silencio coas que as acatou a Xunta de Galiza?

-Que políticas vai aplicar a Xunta de Galiza para evitar que a perda de ocupación nos tramos máis novos de idade continúe expulsando mocidade traballadora do país?

-Que medicións aplica ou vai aplicar a Xunta de Galiza para coñecer cal é o impacto económico que ten a perda de ocupación nos tramos máis novos de idade?

-Que avaliacións desenvolve ou vai desenvolver a Xunta de Galiza para coñecer cal é o impacto económico que ten a terciarización da economía galega?

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2019

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**
Montserrat Prado Cores
Luis Bará Torres
Olalla Rodil Fernández
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

CSV: REXISTROm2Non7zyY9
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/04/2019 11:30:03
Nº Rexistro: 49337
Data envio: 23/04/2019 11:30:03.548

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 23/04/2019 11:24:40

María Montserrat Prado Cores na data 23/04/2019 11:24:45

Ana Pontón Mondelo na data 23/04/2019 11:24:47

Xose Luis Rivas Cruz na data 23/04/2019 11:24:48

Olalla Rodil Fernández na data 23/04/2019 11:24:50

Xosé Luis Bará Torres na data 23/04/2019 11:24:51

CSV: REXISTROm2Non7zyY9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/